

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS DOS ALUMNOS/AS DE NOVA INCORPORACIÓN

CURSO 2013/2014



1.- Presentación

“QUERIDOS PAIS E NAIS:

Ir á escola é un paso moi importante na vida do seu fillo/a, por iso queremos felicitalos e darlles vostedes e a eles/elas:

¡BENVIDA Á ESCOLA!

Consideramos que temos unha tarefa de responsabilidade conxunta, vostedes os pais e nais e nós os mestres/as; e por iso convidámoslos a Colaborar con nós co fin de actuar de mutuo acordo en beneficio dos nenos/as. Merece a pena "implicarse" para que todo saia ben. ¡E importante que xuntos axudemos ós rapaces/zas a adaptarse a esta nova situación, á escola, xa que para algúns deles será a primeira separación da súa casa, a primeira vez que se relacionan con persoas distintas ás da súa familia e todo iso non resulta doado ó principio.

A continuación achegamos unhas suxestións que teñen como finalidade axuda-los/as nenos/as na súa adaptación á escola.

Se ten algunha dúbida, consúltenos.

Un saúdo,

As mestras.

2.- Papi e mami

O meu inicio na Educación Infantil, nun novo centro será moi importante para min, por iso vos pido:

**que durante este verán me deixedes xogar con outros nenos/as que estarán comigo na escola.*

**que na casa me preparedes cunha "boa mentalización" no senso de non idealiza-la escola como un lugar onde todo vai ser "marabilloso" pero que tampouco me ameacedes con ela facéndome pensar que cando vaia ó colexio" todo cambiará e non terei máis remedio que cumprir normas.*

Faládeme das actividades que farei, de que xogarei, traballarei e compartirei con outros/as nenos/as, que despois me iredes buscar, que será divertido,...

**que me ensinedes os hábitos básicos relacionados co aseo, vestido e alimentación, ir só/soa ó servizo, beber auga, vestirme e espirme, lavarme as mans,...*

**que vaiades axustando, na medida do posible os meus hábitos de sono e comida ó horario escolar que terei o próximo curso.*

**que me ensinedes:*

- o meu nome, os meus apelidos, a miña idade,...
- a valerme por min mesmo (sentirme seguro).
- a coida-las miñas cousas, a compartir a ser solidario,...
- a saudar cando chego e me vou.
- a tratarme de acordo coa miña idade, faládeme coma un neno/a.
- a gozalo que teño e a valoralo, en definitiva a ser "boa persoa".

¡VOSOUTROS OS GRANDES TÉDESME QUE AXUDAR!

3.- Normas de organización

Durante o período de adaptación (tempo necesario para que os nenos/as se adecúen a dinámica da clase, á mestra, ó novo grupo e os pais á nova situación). Regúlase este ano, segundo a normativa vixente Orde do 24 de maio de 2013 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2013/2014 nos centros docentes sostidos con fondos públicos, facendo a flexibilización horaria e entrada escalonada non máis alá do 24 de setembro, tal e como marca a administración.

*A Planificación do Plan de acollida comunicarase no mes de setembro nunha reunión ó comezo do curso.

*A asistencia á escola é algo fundamental xa que axuda-los/as pequenos/as a axustarse ó horario, a aprende-los seus procesos e rutinas diarias (algo moi importante nesta etapa) facilitándolles a organización dos seus esquemas mentais.

*Os nenos dánse de conta da actitude que teñen os seus pais sobre o que a eles lles sucede (neste caso a entrada na escola) por iso é adecuada que vos vexa contentos de que veña á escola e tranquilos, xa que si non estades vosoutros tranquilos dificilmente o estará o/a voso/a fillo/a.

*Adaptaranse máis facilmente á escola o/a neno/a que está afeito a ter normas (poucas e claras).

*A puntualidade é un hábito que deben adquirir os/as nenos/as dende pequenos/as, polo tanto cumprídeo para que eles/as o adquiran.

*Se os/as nenos/as están enfermos deberedes deixalo na casa para evitar contaxios.

*Os/as nenos/as deben vir vestidos con roupa cómoda que non limite os seus movementos, que poidan ir ó servizo e lles de autonomía,...

*O centro segue unha campaña de “almozos saudables” onde os nenos/as toman pan e leite dentro da xornada lectiva.

4.- Recomendacións para un mellor funcionamento

- Marcar as chaquetas, gorras, cazadoras... co seu nome en maiúsculas.
- Prégase que traían roupa cómoda que facilite a súa autonomía á hora de ir ó baño:
chándaes ou pantalóns con gomas, prescindido de cintos ou tirantes.
- Poñer unha cinta para colgar as cazadoras e o mandilón.
- A mochila será pequena e de colgar nas costas NUNCA CON RODAS.

5.- Normas para o mandilón

- Obrigatoriamente para abotoar por diante.
- Virá marcado (pintado, bordado,...) co seu nome escrito en MAIÚSCULAS nun lugar visible.
- Será suficientemente amplo (pero non demasiado longo) para facilitar os movementos dos nenos/as.
- Os puños será substituídos por gomas non moi apertadas para facilitar o remangado á hora de lavar as mans, pintar,...
- Botóns de distintas cores con ollais da cor correspondente para facilitar o abotoado.
- Os mandilóns serán de cor VERDE (lisos, de raias, cadros...)

6.- Que farei na Educación Infantil?

- Aprenderei a descubrir como son. Nenos e nenas somos iguais.
- Farei cousas por min mesmo e sentireime cada vez máis seguro.
- Coñecerei a moitos nenos e nenas e fareime o seu amigo.
- Sentirei curiosidade polo que hai e polo que sucede na miña contorna.
- Axudarei, Colaborarei e respectarei aos demais (mestres/as, compañeiros/as).
- Participarei nas festas e conmemoracións do colexio.
- Coñecerei e utilizarei, con creatividade, diversas formas de expresión artística.
- Aprenderei a expresar vivencias reais ou imaxinadas a través do Xogo, dramatizacións, debuxos,...
- Falarei cos demais e escoitarei. Fareime entender e entenderei o que me din.
- Coa axuda da escola adquirirei hábitos:
 - De orde e traballo
 - De hixiene e aseo
 - De saúde e alimentación
 - De sono e puntualidade

TODO ISTO É POSIBLE SI COLABORAMOS XUNTOS

ESCOLA E FAMILIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "A SOLAINA"- EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

R/ CARDENAL CISNEROS, S/N. 15407- NARÓN (A CORUÑA)

TLF./FAX: 981383600

e-mail: ceip.asolaina@edu.xunta.es

